

PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 1ºBACH. (2ª AVALIACIÓN)

I. TRABALLO E ACTITUDE NA AULA

(Suporá a suma a maiores de até 3 ptos ou a perda de até 2 ptos sobre a nota obtida na Avaliación)

1. BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

- Análise e comentario de textos. Elaboración de textos argumentativos e artigos
- Actitude soliolingüística.
- Desenvolvemento das Competencias Básicas.

2. BLOQUE 2: LINGUA E TEXTO

- Tipos de textos. Textos dialogados ou dramáticos.
- Morfoloxía. Tipos de palabras e análise morfolóxica.

3. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e A HISTORIA da LINGUA

- A situación da lingua na Idade Media.
- Os Séculos Escuros
- Dúas linguas nunha sociedade.

4. BLOQUE 4: LITERATURA

- A Literatura oral e popular.
- A Literatura dos SSEE e da Ilustración.

(Libro de Apoio: *Lingua e Literatura Bacharelato 1. Consorcio Editorial Galego*)

II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A HISTORIA DA LINGUA (PTIC)

(Suporá o 20% da nota global do trimestre, até 2 puntos sobre 10)

TÍTULO: *A situación da lingua na Idade Media en Rianxo. O nacemento, o esplendor e a decadencia contextualizados. / A Literatura Medieval*

1. Elaboración dun tema (máximo 60 liñas) partindo dos resumos feitos do libro de apoio, de fotocopias e páxinas web indicadas polo docente.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TICs que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TICs.

DATAS:

Entrega: 1 de Febreiro.

Exposición: segunda-terceira semana de Febreiro.

III. LECTURAS (PL)

(Suporá o 10% da nota global do trimestre, até 1 punto sobre 10)

Lectura na aula: *Antoloxía poética. (Idade Media)*

Lectura fóra da aula: *O héroe. Manuel Rivas. Ed. Xerais. (Finalizada: 1 de Febreiro).*

Outras Lecturas: Realizadas as lecturas obrigatorias, o alumno/a escollerá libre e voluntariamente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Dará conta delas a través de entrevistas persoais ou de informes enviados ao correo-e do profesora. (PL) (PTIC)

(A Avaliación deste labor voluntario realizarase a través da información recibida de xeito oral ou escrito.

Darase por rematada o día do exame. Suporá un **incremento de até 0'5 ptos. por lectura** na nota global do trimestre, sempre que no exame o alumno/a tivese acadado polo menos un 4)

IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá o 70% da nota global do trimestre, até 7 puntos sobre 10)

DATA: Realización: 10 de Marzo.